



1/2
05
21

Gallaecia Race Vente21 Concello de Cambre

BOLETÍN 1



ÍNDICE

1 PRESENTACIÓN

2 DESCRIPCIÓN DA COMPETICIÓN

3 DATOS TÉCNICOS DA PROBA

4 REGULAMENTO

5 INFORMACIÓN TURÍSTICA

5.1 CAMBRE

5.2 CULLEREDO

5.3 ARTEIXO

6 ORGANIZACIÓN


7 COLABORACIÓN



1 PRESENTACIÓN

O RAID GALLAECIA RACE VENTE21 SERÁ PROBA PUNTUABLE DA LIGA GALEGA DE RAIDS E LIGA ESPAÑOLA DE RAIDS, ACOLLENDO TAMÉN O CAMPIONATO DE ESPAÑA XUVENIL DE SELECCIÓN AUTONÓMICAS (CERA XUVENIL). DESPUTARASE EN TERRAS GALEGAS O VINDEIRO DÍA 1 E 2 DE MAIO DE 2021, PERCORRENDO DIFERENTES MUNICIPIOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

O CENTRO DE COMPETICIÓN DESTA PROBA ESTARÁ SITUADO NO CONCELLO CORUÑÉS DE CAMBRE, SITUADO NA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA, A UNS 12 KM DA CAPITAL DE PROVINCIA. CAMBRE LIMITA Ó NORTE CON OLEIROS E SADA, Ó LESTE CON BERGONDO E ABEGONDO, Ó SUR CON CARRAL E, Ó OESTE, CON CULLEREDO.



2 DESCRICIÓN DA COMPETICIÓN

OS RAID DE AVENTURA SON PROBAS ONDE SE PRACTICAN DIFERENTES DISCIPLINAS DEPORTIVAS E ONDE A ORIENTACIÓN XOGA UN IMPORTANTE PAPEL.

EXISTEN CARREIRAS DE MOI DIVERSA DURACIÓN E DISTANCIA DENTRO DOS RAID DE AVENTURA, DENDE UNHAS POUCAS HORAS, ATA VARIOS DÍAS EN FORMATO NON STOP, COMO AQUELES CELEBRADOS NAS SERIES MUNDIAIS. OS RAIDS SON PROBAS DE LONGA DURACIÓN, EN CONDICIÓNS EXTREMAS, CO OBTXETIVO DE POÑER A PROBA TANTO A CAPACIDADE DE RESISTENCIA FÍSICA COMO PSICOLÓXICA DOS PARTICIPANTES.

OS PARTICIPANES DEBEN COMPLETAR UN EXTENSO PERCORRIDO DE ORIENTACIÓN, NO MENOR TEMPO POSIBLE, SUPERANDO AS DIFICULTADES NATURAIS QUE ENCONTREN Ó SEU PASO, UTILIZANDO EXCLUSIVAMENTE AS SÚAS PROPIAS FORZAS, SEN RECIBIR AXUDA EXTERNA, NIN VALERSE DE MEDIOS MOTORIZADOS (A PE, BTT, KAYAK, ESQUÍS, CASCOS, CORDAS, GUANTES, BASTÓNS...).

O PERCORRIDO TEN QUE SER DESCOÑECIDO DE ANTEMÁN E ORGANÍZASE EN ETAPAS, SECCIÓNS, PROBAS ESPECIAIS E PUNTOS DE CONTROL INTERMEDIOS, DE PASO OBRIGADO OU VOLUNTARIO. O ITINERARIO ENTRE CONTROIS É LIBRE E NON ESTARÁ SINALIZADO NO TERREO, O QUE SUPÓN A NECESIDADE DE OBTEN A INFORMACIÓN DO ITINERARIO POR FONTES NON HABITUAIS, COMO O MAPA. ESTA É A PRINCIPAL FONTE DE INFORMACIÓN SOBRE O PERCORRIDO, POLO QUE SE NECESITAN GRANDES HABILIDADES DE ORIENTACIÓN PARA O SEU MÁXIMO APROVEITAMENTO.

A OROGRAFÍA DO TERREO, A VEXETACIÓN E OS OBSTÁCULOS NATURAIS SON OS QUE MARCAN OS VERDADEIROS ATRACTIVOS E DIFICULTADES DA PROBA. SOBRE ESTOS ELEMENTOS FAISE O PLANTEXAMENTO DAS DISTINTAS DISCIPLINAS, SECCIÓNS E PROBAS ESPECIAIS, SIEMPRE DE FORMA RESPETUOSA E COMPATIBLE CO MEDIO.

A PARTICIPACIÓN É POR EQUIPOS, ESTANDO OBRIGADOS OS SEUS COMPOÑENTES, POR CUESTIÓNS DE SEGURIDADE, A COMPETIR XUNTOS EN TODO MOMENTO. OS EQUIPOS SON AUTOSUFICIENTES DURANTE O PERCORRIDO, E PODEN CHEGAR A ESTAR VARIOS DÍAS SEN RECIBIR AXUDA EXTERNA; AVANZANDO DE DÍA E DE NOITE, DESCANSANDO Á INTEMPERIE E LOITANDO CONTRA OS ELEMENTOS. A ESTRATEXIA LOXÍSTICA TEN GRAN RELEVANCIA.

OS RESULTADOS DAS SECCIONES E PROBAS ESPECIAIS EXPRESANSE EN TEMPO. O EQUIPO QUE MENOS TEMPO INVIRTA EN COMPLETAR TODO O PERCORRIDO SERÁ O GAÑADOR.



OS REQUISITOS XERÁIS PARA PARTICIPAR SON:

- SER MAIOR DE IDADE PARA CATEGORÍAS ÉLITE E AVENTURA.
- OS MENORES DE IDADE NECESITAN AUTORIZACIÓN DO TITOR LEGAL (ORIENTARAID E XUVENIL)
- ESTAR EN POSESIÓN DA LICENZA ANUAL OU DE PROBA DE RAID DA FEDO.
- ESTAR REGRAMENTARIAMENTE INSCRITO NA COMPETIÇÃO.
- TER CAPACIDADES FÍSICAS E TÉCNICAS SUFICIENTES PARA AFRONTAR ESTAS PROBAS.
- NON ENCONTRARSE SUXEITO A NINGUNHA SANCIÓN DISCIPLINARIA DE ASÍ O IMPIDA.

TAMÉN SE AUTORIZA A PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS ESTRANXEIROS, NAS MESMAS CONDIÇÕES QUE AS ESTABLECIDAS PARA DEPORTISTAS ESPAÑOIS NOS CORRESPONDENTES REGRAMTOS TÉCNICOS.

AS CATEGORÍAS OFICIAIS DOS RAID DE AVENTURA SON:

ELITE (FEDO) - RAID 3.0 (FEGADO)

OFRECE UN PERCORRIDO ACORDE Ó NIVEL NACIONAL EXISTENTE.

- PARTICIPANTES: MAIORES DE 18 ANOS.
- COMPOÑENTES: 3 COMPOÑENTES SEMPRE EN CARREIRA, SEN CAMBIOS.
- ESIXENCIAS: NECESÍTANSE CAPACIDADES FÍSICAS E TÉCNICAS SUFICIENTES PARA AFRONTAR A PROBA. AS ESIXENCIAS FÍSICAS SON MOI IMPORTANTES (RESISTENCIA DE LONGA DURACIÓN).

AVENTURA (FEDO) - RAID 2.1 (FEGADO)

PERCORRIDO INTERMEDIO, CATEGORÍA DE REFERENCIA TRALA CATEGORÍA ÉLITE.

- PARTICIPANTES: MAIORES DE 18 ANOS.
- COMPOÑENTES: MÍNIMO 2, MÁXIMO 3. 2 COMPOÑENTES ESTARÁN SEMPRE EN CARREIRA, CON POSIBILIDADE DE TER UN RELEVISTA. EN AVENTURA MIXTA, UN COMPOÑENTE FEMININO DEBE DESPUTAR, MÍNIMO, UN 30% DAS SECCIÓNS.
- ESIXENCIAS: ESIXENCIAS FÍSICAS IMPORTANTES (RESISTENCIA DE LONGA DURACIÓN, PERO CON POSIBILIDADE DE RELEVO).

ORIENTA-RAID

CATEGORÍA DE INICIACIÓN OPTATIVA, SEN ÁNIMO COMPETITIVO, BRINDA A OPORTUNIDADE DE EXPERIMENTAR QUÉ É UN RAID.

- PARTICIPANTES: MAIORES DE 18 ANOS OU MENORES ACOMPÑADOS DUNHA PERSOA MAIOR DE IDADE DURANTE O PERCORRIDO. PRACTICANTES OCASIONAIS DE ACTIVIDADES FÍSICAS NO MEDIO NATURAL.



- **COMPOÑENTES:** MÍNIMO 2, MÁXIMO 3. 2 COMPOÑENTES ESTARÁN SEMPRE EN CARREIRA, CON POSIBILIDADE DE TER UN RELEVISTA. EN AVENTURA MIXTA, UN COMPOÑENTE FEMININO DEBE DESPUTAR, MÍNIMO, UN 30% DAS SECCIÓNS.
- **ESIXENCIAS:** CONDICIÓN FÍSICAS NORMAIS. PERCORRIDO MOI SINXELO, TODO OPTATIVO.

CERA XUVENIL

AS COMUNIDADES E AS CIDADES AUTÓNOMAS DE CEUTA E MELILLA PODERÁN PARTICIPAR NO CAMPIONATO DE ESPAÑA XUVENIL DE SELECCIÓN AUTONÓMICAS (CERA XUVENIL) FORMANDO EQUIPOS MIXTOS DE 3 COMPOÑENTES.

- **PARTICIPANTES:** NADOS ENTRE OS ANOS 2003 E 2005 (COA POSIBILIDADE DUN COMPOÑENTE DO 2006) CON LICENZA DE TEMPADA EN VIGOR EN CLUBES DA COMUNIDADE QUE REPRESENTAN. PODERÁN INSCRIBIR UN CUARTO COMPOÑENTE RESERVA PARA SUSTITUIR A OUTRO COMPAÑEIRO ANTES DA COMPETICIÓN.
- **COMPOÑENTES:** 3 DEPORTISTAS DE ÁMBOS DOS SEXOS. 2 COMPOÑENTES ESTARÁN SEMPRE EN CARREIRA, CON POSIBILIDADE DE TER UN RELEVISTA. EN AVENTURA MIXTA, UN COMPOÑENTE FEMININO DEBE DESPUTAR, MÍNIMO, UN 30% DAS SECCIÓNS.
- **ESIXENCIAS:** ESIXENCIAS FÍSICAS MEDIAS (RESISTENCIA DE LONGA DURACIÓN, PERO CON POSIBILIDADE DE RELEVO). COÑECEMENTOS BÁSICOS DE SEGURIDADE NAS DISCIPLINAS QUE INTERVENIRÁN.
- **EQUIPOS NON OFICIAIS:** ENTRARÁN EN CLASIFICACIÓN, PERO NON PODERÁN OPTAR AO TÍTULO DE CAMPIÓN DE ESPAÑA OS EQUIPOS QUE:
 - NON TEÑAN INTEGRANTES DE AMBOS SEXOS
 - NON TEÑAN 3 COMPOÑENTES NO EQUIPO
 - TEÑAN COMPOÑENTES DE CLUBES DE DISTINTAS AUTONOMÍAS
 - TEÑAN COMPOÑENTES SEN LICENCIA ANUAL FEDO



3 DATOS TÉCNICOS DA PROBA

AS ASISTENCIAS PARA A CATEGORÍA RAID 3.0 NON ESTARÁN PERMITIDAS POR REGULAMENTO. HABERÁ TRES ZONAS DE CAMBIO DE SECCIÓN (TRANSICIÓN) EN TÓDALAS CATEGORÍAS.

A TIPOLOXÍA DOS MAPAS DOS CORREDORES DEPENDERÁ DO TIPO DE SECCIÓN, UTILIZANDO DENDE MAPAS DE TIPO IGN, CON ESCALAS 1:20000; ATA MAPAS ESPECÍFICOS PARA AS ORIENTACIÓNS A PÉ, EN ESCALA 1:5000.

O RAID BASEARÁ O SEU PERCORRIDO EN CATRO MODALIDADES PRINCIPAIS: BTT, TREKKING, KAYAK E ORIENTACIÓN ESPECÍFICA. TAMÉN SE INCLUIRÁN, DE FORMA ESTRATÉXICA, VARIAS PROBAS ESPECIAIS, COMO JUMAR, SLACKLINE OU CHAVE.

| MODALIDADE | ÉLITE RAID-O 3.0 | AVENTURA RAID-O 2.1 | ORIENTA-RAID | CERA XUVENIL |
|-----------------------|---------------------|------------------------|--------------|--------------|
| SECCIÓNS | 9 | 9 | 6 | 6 |
| PROBAS ESPECIAIS | 5 | 5 | 4 | 4 |
| KM | 134 | 134 | 57 | 57 |
| DESNIVEL ACUMULADO | 3281 | 3281 | 1319 | 1319 |
| HORARIO | 10:00-00:00 | 10:00-00:00 | 10:30-16:30 | 10:30-16:30 |



4 REGULAMENTO

O MAPA SERÁ ENTREGADO POLA ORGANIZACIÓN ENTRE 5 E 10 MINUTOS ANTES DO INICIO DA PROBA E NON PODERÁ SER VISTO ATA QUE A ORGANIZACIÓN O ORDENE. NINGÚN EQUIPO PODERÁ SEGUIR A OUTRO DE FORMA CONTINUADA DURANTE O PERCORRIDO APROVEITÁNDOSE DA ORIENTACIÓN DUN COMPETIDOR, SE SE OBSERVASE POR PARTE DOS MEMBROS DA ORGANIZACIÓN ESTE TIPO DE COMPORTAMENTO OU SE OUTRO CORREDOR OU CORREDORES DENUNCIASEN ESTA SITUACIÓN PODERÍA CONLEVAR A DESCALIFICACIÓN DO MESMO POR PARTE DA ORGANIZACIÓN UNHA VEZ ESCOITADOS OS ACTORES.

NINGÚN CORREDOR PODERÁ REALIZAR O TICKADO NA BALIZA DOUTRO CORREDOR DA PROBA, CADA CORREDOR TEN QUE TICKAR COA SÚA PINZA (SE SE DEMOSTRASE ESTA INFRACCIÓN O CORREDOR QUEDARÁ AUTOMÁTICAMENTE DESCALIFICADO). O TELÉFONO SÓ PODE SER USADO EN CASO DE URXENCIA, NO CASO DE USO FRAUDULENTO DO MÓBIL O EQUIPO QUEDARÁ AUTOMÁTICAMENTE DESCALIFICADO. ASÍ MESMO CONLEVARÁ A DESCALIFICACIÓN USO DE CALQUER APARATO DE NAVEGACIÓN ELECTRÓNICO QUE SEXA COMPATIBLE CO USO DE MAPAS.

A PROBA DE RAID FARASE EN AUTOSUFICIENCIA, POLO QUE NON SE PODERÁ TER A UNHA PERSOA/AS QUE LLE PROPORCIONEN ASISTENCIA AO CORREDOR (SE SE DEMOSTRASE ESTA INFRACCIÓN O EQUIPO QUEDARÁ AUTOMÁTICAMENTE DESCALIFICADO).

IMPORTANTE: TODO EQUIPO QUE ABANDONE A PROBA TEN QUE COMUNICALO Á ORGANIZACIÓN E TICKAR FINISH NO POSTO DE CONTROL A TOTALIDADE DOS INTEGRANTES (É FUNDAMENTAL ESTE PUNTO PARA SABER QUE NON TEMOS A NINGUÉN PERDIDO NO MONTE).

O REGULAMENTO DA PROBA ÁTENSE ÁS NORMAS XERAIS DO REGULAMENTO DE RAIDS DE AVENTURA APROVADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN.

[HTTP://FEGADO.ES/WEB/UPLOADS/DOCUMENTS/FILE/71F/5E33494EDF-08-REGLAMENTO-FEGADO-RAID-2020.PDF](http://fegado.es/web/uploads/documents/file/71f/5e33494edf-08-reglamento-fegado-raid-2020.pdf)

[HTTP://FEGADO.ES/WEB/UPLOADS/DOCUMENTS/FILE/F85/5E1080D73E-NORMAS-ANUAISFEGADO-RAID-2020.PDF](http://fegado.es/web/uploads/documents/file/f85/5e1080d73e-normas-anuaisfegado-raid-2020.pdf)

UNHA VEZ FINALIZADA A PROBA, AS CLASIFICACIÓNS PROVISIONAIS SERÁN PUBLICADAS O ANTES POSIBLE, PREVIAMENTE Á ENTREGA DE PREMIOS, PARA POSIBLES OBSERVACIÓNS E RECLAMACIÓNS. AS RECLAMACIÓNS PODEN PRESENTARSE ANTES DE QUE O XUIZ CONTROLADOR SUSCRIBA O ACTA DA PROBA. ESTAS FARANSE CHEGAR POR ESCRITO Ó XUIZ CONTROLADOR, SEGÚN O MODELO DISPOÑIBLE PARA OS INTERESADOS NA SECRETARÍA DO CENTRO DE COMPETICIÓN. NON EXISTE NINGUNA CUOTA POR REALIZAR UNHA RECLAMACIÓN. AS CLASIFICACIÓNS DEFINITIVAS PUBLICARÁNSE UNHA VEZ RESULTAS TODAS AS RECLAMACIÓNS EN WWW.FEGADO.ES



5 INFORMACIÓN TURÍSTICA

CAMBRE

CAMBRE ESTÁ VERTEBRADO POLO RÍO MERO QUE PARTE DO EMBALSE DE CECEBRE, AMBOS PROTAGONISTAS DA SÚA BELEZA MEDIOAMBIENTAL CON MULTITUDE DE ESPAZOS NATURAIS, MOITOS DELES AÍNDA POR COÑECER. PERDERSE NO BOSQUE ANIMADO QUE RELATOU WENCESLAO FERNÁNDEZ FLOREZ, PASEAR POLO PASEO MARÍTIMO DE O TEMPLE, OU INTRODUCIRSE NO CAMIÑO INGLÉS AO SEU PASO POLA PARROQUIA DE SIGRÁS, QUE CULMINA NA IGREXA DE SANTA MARÍA DE CAMBRE, UN DOS MÁIS BELOS TEMPLOS DE PEREGRINACIÓN DO ROMÁNICO, FAN DESTE CONCELLO UN ESPAZO PARA O ACOUGO E A REFLEXIÓN.

POR RIBA DE TODO, O MAIOR VALOR DESTE POBO SON AS SÚAS XENTES, SEMPRE DISPOSTAS A ORIENTAR AO FORASTEIRO NO SEU PERIPLO POR ESTE MARABILLOSO ENCLAVE.

O CONCELLO DE CAMBRE FORMA PARTE DA HISTÓRICA COMARCA DAS MARIÑAS DOS FREIRES, CONTIGUA Á NON MENOS HISTÓRICA COMARCA DAS MARIÑAS DOS CONDES (BETANZOS E ÁREA DE INFLUENCIA).

O CONCELLO TEN DÚAS ZONAS BEN DIFERENCIADAS: POR UN LADO AS PARROQUIAS MÁIS PRÓXIMAS Á CIDADE DA CORUÑA, COMO O TEMPLE E O CENTRO URBÁN DE CAMBRE, FORON ADQUIRINDO UN ASPECTO MÁIS URBANO, MENTRES QUE AS PARROQUIAS DO SUR MANTEÑEN A BELEZA RURAL DAS PAISAXES DAS MARIÑAS CORUÑESAS.

CAMBRE CONSTITÚE UN CONCELLO PLURAL, NO QUE AS AMPLAS ZONAS RESIDENCIAIS CONVIVEN CON POTENTES INDUSTRIAS E TRADICIONAIS EXPLOTACIÓNS DO SECTOR PRIMARIO, O QUE FAI QUE A ECONOMÍA DA CONTORNA SEXA PRÓSPERA E ACTIVA.

UNHA DAS PARAXES TURÍSTICAS MÁIS IMPORTANTES DE CAMBRE É A FRAGA DE CECEBRE, MOI COÑECIDA GRAZAS Á OBRA LITERARIA DO GRAN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ E, SOBRE TODO, GRAZAS Á POSTERIOR PELÍCULA DE ANIMACIÓN, EL BOSQUE ANIMADO, QUE PERMITIU DIFUNDIR A MAXIA DESTE LUGAR. É UN ESPACIO PROTEXIDO POLA SÚA RIQUEZA EN FLORA. PRETO DA FRAGA ENCONTRAMOS A VILA FLORENTINA, UN ESPAZO NO QUE RESIDIU O ESCRITOR E A SÚA FAMILIA, CONVERTIDO HOXE NA SÚA CASA MUSEO REXENTADA POLA FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ, QUE RECOMENDAMOS VISITAR.

DENTRO DO TÉRMO MUNICIPAL ENCONTRAMOS O EMBALSE DE A TELVA, QUE SUMINISTRA AUGA Á CIDADE DA CORUÑA E Á SÚA CONTORNA.



CULLEREDO

CULLEREDO ESTÁ SITUADO NA ÁREA CENTRAL DA PROVINCIA, NA COMARCA DA CORUÑA, NO EXTREMO SUR DA RÍA DO BURGO. LIMITA Ó NORTE CO OCÉANO ATLÁNTICO A TRAVÉS DA RÍA DO BURGO, E CO MUNICIPIO DA CORUÑA; AO LESTE CON OLEIROS, CAMBRE E CARRAL; AO SUR, CON CERCEDA E AO OESTE, COA CORUÑA, ARTEIXO E LARACHA.

PASEO FLUVIAL “REGO DAS XESTEIRAS”

LOCALÍZASE NA PARROQUIA DE CELAS, AO SUROESTE DO CONCELLO DE CULLEREDO, CERCA DO PARQUE DA TORRE DE CELAS, ONDE SE SITÚA O MUSEO ETNOGRÁFICO DO CONCELLO, ASÍ COMO A IGREXA DE SANTA MARÍA DE CELAS (s.XII). O ITINERARIO FLUVIAL ESTÁ CONFORMADO POR ONCE MUIÑOS, DOS QUE A MAIORÍA PERTENCEN A VARIAS FAMILIAS QUE COMPARTEN A PROPIEDAD E O SEU USO POR CUOTAS OU TURNOS.

PASEO MARÍTIMO DE O BURGO

O CONCELLO DE CULLEREDO CONTA CUN PASEO QUE PERCORRE A MARXE DA RÍA DO BURGO AO LONGO DUNS 5 KM QUE O VISITANTE PODERÁ DISFRUTAR A PE OU EN BICI, XA QUE CONTA CUN CARRIL BICI EN TODO O SEU PERCORRIDO. CONTA ADEMÁIS CON ZONAS DE XOGOS INFANTÍS E DE PRÁCTICA DE SKATE.

PASEO ENRIQUE TIerno GALVÁN

O PASEO CONTA CON ZONAS DE DESCANSO DEPORTIVAS E DE XOGOS INFANTÍS. ADEMÁIS AO LONGO DESTA PASEO PÓDENSE OBSERVAR DIFERENTES ESPECIES DE AVES.

PASEO DE FERNANDO II

É UN LUGAR IDÓNEO PARA A PRACTICA DE FOOTING, CONTA ADEMÁIS CUNHA ZONA DE MERENDEIRO E DE XOGOS INFANTÍS.

PARQUE TORRE DE CELAS

SITUADO NAS INMEDIACIÓNS DO MUSEO ETNOGRÁFICO TORRE DE CELAS, ESTE PARQUE CONVÍRTESE TANTO EN LUGAR DE ESPARCEMENTO PARA OS VECIÑOS, COMO EN ESCENARIO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RE-CREATIVAS XERADAS POLO CENTRO CULTURAL.

MERCADOS E FEIRAS

O CONCELLO DE CULLEREDO ORGANIZA DESDE XUÑO DE 2005 O “FEIRÓN MUNICIPAL”, O SEGUNDO DOMINGO DE CADA MES, EN HORARIO DE 10:00 A 15:00 HORAS. CONTA CON APROXIMADAMENTE 160 POSTOS NOS QUE O VISITANTE PODE ENCONTRAR A OFERTA DE DIFERENTES PRODUCTOS COMO BISUTERÍA, COMPLEMENTOS, ROUPA, CALZADO, PERFUMES, ARTESANÍA E PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN. O MÁIS TRADICIONAL É A DEGUSTACIÓN DO POLBO, O QUE FAI QUE DENDE AS 10 ATA AS 15 HORAS CONCORRA MOITA XENTE DO CONCELLO E ARREDORES. PARALELAMENTE A ESTE FEIRÓN, CELÉBRASE O ECOMERCADO, CON POSTOS DE PRODUCTOS ECOLÓXICOS, NA SÚA MAIORÍA DE ORIXE GALEGO, ADEMÁIS DE OUTROS RELACIONADOS COA COSMÉTICA ECOLÓXICA. NA ORGANIZACIÓN DESTA ACTIVIDADE COLABORA A DEPUTACIÓN DA CORUÑA.



ARTEIXO

A CARÓN DA CORUÑA É A PORTA DE ENTRADA Á COSTA DA MORTE, CUXA IMPRESIONANTE NATUREZA É UN DOS RECLAMOS MELLOR GARDADOS DE GALICIA.

ESTÁ NO EXTREMO MÁIS OCCIDENTAL DO GOLFO ÁRTABRO, ONDE SE UNEN AS RÍAS DE FERROL, ARES, BETANZOS E A CORUÑA.

LUGAR DE PASO PARA ACCEDER Á VILA DE CAIÓN, COMPARTINDO O CAMIÑO QUE PERCORREN MILES DE PERSOAS EN ROMERÍA Ó SEU SANTUARIO DA VIRXE DOS MILAGRES.

A PAISAXE DE ARTEIXO É RICA E VARIADA. COMBINA ESPAZOS DE INTERIOR CUNHA AMPLA FRANXA DE LITORAL BAÑADA POLO OCÉANO ATLÁNTICO, QUE LLE CONFIRE A ESTE MUNICIPIO UNHA IDENTIDADE E UNHA SINGULARIDADE ESPECIAL PARA GOZAR DO TEMPO DE RELAX NOS SEUS FERMOSES AREAIS, CALAS OU CANTÍS, COMPLETADOS CON FERMOSES PASEOS NA CONTORNA DO INTERIOR, QUE PERMITEN OBSERVAR OS SEUS VALORES ETNOGRÁFICOS.

[HTTP://WWW.ARTEIXO.ORG/GL/SERVIZOS/TURISMO](http://www.artaixo.org/gl/servizos/turismo)



6 ORGANIZACIÓN

DIRECCIÓN DA PROBA: CLUBE GALLAECIA RAID

PÁXINA WEB: WWW.GALLAECIARAID.ORG

EVENTO EN RRSS: GALLAECIA RACE VENTE21

CORREO ELECTRÓNICO: CLUBGALLAECIA@GMAIL.COM

TELÉFONO DE CONTACTO: 609 26 85 48 - 639 96 70 14

DIRECTOR DE CARREIRA: MANUEL PEDRE

TRAZADO: MANUEL PEDRE, JUAN PATIÑO

MAPAS: FRANCISCO DIZ, ÓSCAR FERNÁNDEZ, JUAN PATIÑO, MANUEL PEDRE

DIRECTOR DE SEGURIDADE: ENRIQUE ÁLVAREZ

CONTROL SPORTIDENT: ABEL OTERO

XUIZ CONTROLADOR: RUBÉN PÉREZ



7 COLABORACIÓN

